


TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO MATEMÁTICO – 3er Ciclo (2ª TAREFA)

1.-IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA "Párteme o corazón"	
ETAPA EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEIS 5º - 6º
ÁMBITO / ÁREAS Matemáticas / Lingua – Lengua	PROFESORADO Mestre encargado do ámbito no 3º ciclo.
DESCRIPCIÓN DA TAREFA Continuación do Ámbito matemático, atopar e recoñecer as fraccións e as operacións con elas na realidade máis cercana, comezar co canal de youtube cos resultados obtidos.	
XUSTIFICACIÓN Partindo do último traballo feito na primeira tarefa, a formación dun corazón cun TANGRAM, o noso alumnado deberá repartir en partes iguais dita figura. Para conseguilo deberán entender o concepto de fracción e comprobar cómo o denominador é importante para a correcta repartición. Introduciremos o concepto do mínimo común múltiplo para demostrar cómo poderemos operar coas fraccións acadadas. Terminaremos facendo unha presentación dos Youtubers coas conclusións finais	
CONTEXTO Aula de Ámbito Matemático – segundo andar.	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>1.- Presentación da Tarefa.</p> <p>“Qué é xusto?”</p> <p>Ideas básicas e conceptos previos de: Repartir, Dividir, o concepto de xustiza.</p> <p>“Repartindo corazón”</p> <ul style="list-style-type: none"> - Partindo da última actividade feita co TANGRAM. Os diferentes grupos terán que repartir de formas iguais o corazón. - Concluiremos que non é posible e volveremos a falar do concepto de área. 	<p>LC - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.</p> <p>M- CA15. Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.</p>	<p>Rexistro de observación</p> <p>Rúbrica</p>
<p>2.- “Recompoñer é repartir”</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de Área - Repartición en partes iguais dun cadrado. - Concepto de fracción. <p>Actividades de pequeno grupo.</p> <p>Realización de figuras co Tangram.</p>	<p>M- CA2.2. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.</p> <p>M- CA2.1. Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.</p>	<p>Rúbrica</p>

Deseño do cadro coa área do corazón.		
<p>3.- "Fraccionade"</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que é unha Fracción. <p>Investigación e demostración de qué é unha fracción.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fraccionaremos o cadrado feito coas pezas do corazón <p>Busqueda de exemplos na nosa vida cotiá.</p> <p>Posta en común no gran grupo.</p>	<p>M-CA3.5. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.</p> <p>M-CA5.1. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>M-CA4.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.</p>	<p>Rexistro de observación</p> <p>Rúbrica</p>
<p>4.- "Operamos ou non?"</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operacións con fraccións. - Sumas, restas e multiplicacións de fraccións co mesmo denominador. - Sumas, restas e multiplicacións de fraccións con diferente denominador. <p>Actividade de gran grupo.</p> <p>Introducción ao m.c.m.</p> <p>Traballo en pequeno grupo.</p>	<p>LG-CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel</p> <p>M-CA5.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.</p>	<p>Rúbrica</p>
5.- "Cámara e acción!"	<p>LG-CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en dife-</p>	<p>Rexistro de observación</p> <p>Rúbrica</p>

Preparación dos guións e das conclusións para gravacións dos nosos Youtubers! Gravación.	rentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais LG-CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. M-CA3.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
Comprensión oral e escrita.- Expresión oral.- Fraccións.- Operacións con fraccións.- Habilidades plásticas.- Creatividade.- Traballo en equipo.- Toma de decisións.- Respecto polas opinións dos outros.		

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADES	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1.- "Qué é xusto?" "Repartindo corazón"	Aula Ámbito matemático	Inicialmente en gran grupo. Posteriormente en pequeno grupo.	Portátil Edixgal Follas cuadriculadas Material de escritura Tangram	20 minutos
2.- "Recompoñer é repartir"	Aula Ámbito matemático	Pequeno grupo.	Portátil Edixgal Tangram Cartolina.	30 minutos
3.- "Fraccionade"	Aula Ámbito matemático	Pequeno grupo.	Cartolina. Reglas.	45 minutos
4.- "Operamos ou non?"	Aula Ámbito matemático e patio do centro	Pequeno grupo. Gran grupo.	Cartolina. Material de escritura	45 minutos

5.-"Cámara e acción!"	Aula Ámbito matemático	Pequeno grupo.	Portátil Edixgal Traballo realizado.	30 minutos
6.-Actividade de REFORZO: Acompañamento para a redución de contido	Aula Ámbito matemático	Pequeno grupo e gran grupo		
7.- Actividade de AMPLIACIÓN: Retos matemáticos.	Aula Ámbito matemático	Pequeno grupo	Portátil Edixgal Follas cuadrículadas	

4.-AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ENSINANZA-APRENDIZAXE)	<ul style="list-style-type: none"> - REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA - ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica) 	<p>Como?: mediante a observación directa e sistemática</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable. Tamén ao remate da tarefa compártanse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final.</p>

PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - LISTA DE COTEXO - FICHA RECOGIDA DE INFORMACIÓN 	Farase fincapé nos aspectos positivos. Como?: cumprimentando a ficha. Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito matemático. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.
------------------	--	--

RÚBRICA						
	ITEMS	4	3	2	1	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
TRABAJO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	LG-CA2.5. LG-CA2.6. M- CA2.1.
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABAJO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	LC - CA2.1. M- CA15. M-CA5.1.
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma	Pide ou ofrece axuda de forma	Pide ou ofrece axuda de forma	Non pide axuda cando a precisa	LG-CA2.5.

		natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo.	natural cando é preciso.	forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	nin a ofrece.	LG-CA2.6. M- CA2.1.
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas.	LG-CA2.5. LG-CA2.6.
ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	LC - CA2.1. M- CA2.2.
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS: AS FRACCIÓNS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	M- CA15. M- CA2.2. M-CA3.5. M-CA3.8.

	G. É quen de comprender as operacións con fraccións na vida cotiá.	É quen de comprender as operacións de fraccións e extrapolalo a vida cotiá sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender en parte as operacións de fraccións e extrapolalo a vida cotiá sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender as operacións de fraccións e extrapolalo a vida cotiá con apoio docente	Non é quen de comprender as operacións de fraccións e extrapolalo a vida cotiá e mostra dificultade	M- CA15. M- CA2.2. M-CA4.5. M-CA3.8.
--	--	---	--	--	---	---

DESEÑO DA TAREFA -ficha de recollida de información

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		

Avaliación da PRÁCTICA DOCENTE–LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguíuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Responduse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		